

Universidade de Vigo

Vicerreitoría
do Campus
de Ourense

Edificio de
Facultades
Campus
universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 300 vicou@uvigo.es
Fax 988 387 311 vicou.uvigo.es

Día Mundial da Auga

*Xornada
de portas abertas do
Campus de Ourense-
Campus da Auga*

22 de marzo de 2017



Vicerreitoría
do Campus de Ourense
Universidade de Vigo



Día Mundial da Auga

Presentación

Auga e auga residual

O Día Internacional da Auga é unha data que pretende concienciar ás persoas da importancia da auga doce e ao mesmo tempo promover a sustentabilidade da xestión deste recurso. A primeira proposta para o establecemento deste día fíxose en 1992 durante a Conferencia de Nacións Unidas sobre medio ambiente e desenvolvemento (CNUMAD).

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou o 22 de decembro de 1993 a Resolución A/RES/47/193, na que declarou o 22 de marzo de cada ano como Día Mundial da Auga, en conformidade coas recomendacións da Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio e o Desenvolvemento contidas no capítulo 18 (Recursos de Auga Doce). Invitouse entón aos diferentes estados a consagrar este día, no marco do contexto nacional, á celebración de actividades concretas como o fomento da conciencia pública a través da produción e difusión de documentais e a organización de conferencias, mesas redondas, seminarios e exposicións relacionadas coa conservación e desenvolvemento dos recursos hídricos.

Cada ano, o Día Mundial da Auga destaca un aspecto específico de auga doce. Baixo o lema “Auga e Auga Residual” o ano 2017 proporcionará unha oportunidade importante para consolidar e continuar avanzando en sesións precedentes do Día Mundial da Auga, todo iso para resaltar a simbiose entre auga e auga residual á hora de avanzar no desenvolvemento sustentable.

O noso planeta está cuberto nas súas dúas terceiras partes por auga. A pesar diso, a auga apta para uso humano (doce, potable e de fácil acceso) é unha parte moi pequena do total. A súa escaseza non se debe só ás condicións naturais de determinadas rexións, senón que ten moito que ver co aumento da poboación, o malgasto e a contaminación.

A situación é preocupante e moitos/as expertos/as consideran a cuestión da auga como o desafío máis importante que debe afrontar a humanidade no século XXI. Por mencionar un dato, actualmente o difícil acceso á auga potable é a causa principal de enfermidades e pobreza para uns 1.500 millóns de persoas. Ademais da auga para beber, a agricultura, a industria, a hixiene, a saúde, a calidade ambiental e as posibilidades de desenvolvemento dun territorio dependen da auga, da súa calidade e do seu consumo racional.

As estratexias e as metas a favor da auga refírense directamente aos obxectivos de desenvolvemento das sociedades, promovendo a dignidade humana e asegurando que os logros sexan sostibles a longo prazo, o que conduce aos seguintes resultados de desenvolvemento, entre outros: persoas sas; aumento da prosperidade; sociedades equitativas; ecosistemas protexidos, e comunidades resilientes.

Xornadas de portas abertas

Campus de Ourense-Campus da Auga

Con motivo da celebración do Día Mundial da Auga, o Campus Universitario de Ourense - Campus da Auga, celebrará o mércores 22 de marzo, unha xornada de portas abertas dirixida a estudantes de educación secundaria e bacharelato das provincias de Ourense e Pontevedra.

O obxectivo é orientar ao alumnado sobre o seu futuro universitario e dar a coñecer a investigación que se está a realizar no marco do Campus da Auga. Neste sentido, decanos/as e directores/as dos centros universitarios do Campus de Ourense - Campus da Auga, presentarán as diferentes titulacións que oferta a Universidade de Vigo neste campus e as súas saídas profesionais. Así mesmo, personal docente e investigador organizarán sesións teóricas e prácticas nas súas instalacións e laboratorios para dar a coñecer a investigación que se está a realizar no marco do Campus da Auga.

A xornada complétase coa presentación da Biblioteca Rosalía de Castro, os programas e a oferta cultural, as instalacións e actividades deportivas e o programa de orientación psicopedagóxica. Por último, ás 13.30 horas, darase a coñecer os/as gañadores/as da III edición do Concurso fotográfico Campus da Auga-Scholaris “Auga, Ciencia e Desenvolvemento Sustentable” e procederase á entrega de premios.

Programa

Data: Mércores 22 de marzo do 2017

Lugar: Salón de Actos Marie Curie

10.00 h Recepción e acto de benvida

- Salustiano Mato de la Iglesia. Reitor da Universidade de Vigo

10.30 h Mesa Redonda

Campus de Ourense - Campus da Auga a porta ou teu futuro

- Relator: Virxilio Rodríguez Vázquez, vicerreitor do Campus de Ourense

Participantes:

- Francisco Javier Rodríguez Martínez, director da Escola Superior de Enxeñaría Informática.
- Mar García Señorán, decana da Facultade de Ciencias da Educación.
- Marta Fernández Prieto, decana da Facultade de Dereito.
- Gil Garrote Velasco, decano da Facultade de Ciencias.
- Elena Rivo López, decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
- Susana Reboreda Morillo, decana da Facultade de Historia.
- Arno Formella, director da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

11.10 h Visionado do vídeo Campus da Auga.

11.20 h Presentación das instalacións do campus e a súa oferta cultural e deportiva.

- Julia Jiménez López, directora Biblioteca Rosalía de Castro.
- Filemón Rivas Conde, xestor de actividades culturais.
- Rodrigo Alberte Pivida, técnico de actividades deportivas.
- Isabel Ferreiro González, responsable do Gabinete Psicopedagóxico.

11.50 h Visita aos pósters realizados por alumnado do grao en Ciencias Ambientais sobre redución do impacto contaminante da actividade humana sobre a auga.

12.10 h Presentación de investigacións desenvolvidas no marco do Campus da Auga:

Desafíos na gobernanza internacional da auga.

- Relatora: Laura Movilla Pateiro, Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais.

Valorización e tratamento de efluentes agroindustriais.

- Relatora: Herminia Domínguez González, Grupo de Investigación de Enxeñaría Química.

Onde estamos indo hoxe?

- Relator: Arno Formella, Laboratorio de Informática Aplicada (LIA).

12.10 h Visita laboratorios para grupos reducidos*:

Laboratorios de Química Analítica e Bromatoloxía: “Determinación de amoníaco en augas residuais”.

- Coordinan: Elena Falqué López, Elena Martínez Carballo e Concepción Pérez Lamela.

Laboratorio de Microbioloxía: “Cultivos microbianos”.

- Coordinan: Luís Alfonso Rodríguez López, Julia Carballo Rodríguez e María José Pérez Álvarez.

Laboratorio de Enxeñaría Química: “Coagulación-floculación de augas residuais”.

- Coordinan: Noelia Flórez Fernández, Paula Rodríguez Seoane e Sheila Gómez Jiménez.

13.30 h Entrega de premios III edición do Concurso fotográfico Campus da Auga-Scholaris “Auga, Ciencia e Desenvolvemento Sustentable”.

13.45 h Clausura do acto.

13.50 h Entrega dun agasallo sorpresa a todos/as os/as participantes por xentileza do Concello de Ourense.

Visita á zona termal: Esta visita pode completarse disfrutando dun baño e visita á zona termal de Outariz e Burgas de Canedo, para o que teñen que contactar coa Concellería de Termalismo (termalismo@ourense.es). Para tal fin, o Concello de Ourense facilitará o transporte en autobús dende o campus ata a citada zona termal. As solicitudes deben enviarse antes do 15 de marzo de 2017.

* **Nota:** A visita aos laboratorios farase en paralelo á presentación de investigacións desenvolvidas no marco do Campus da Auga e terá un aforo limitado ata 75 alumnos/as. Para a súa selección terase en conta a data de solicitude por parte dos centros.

Anexo: ficha de solicitude de reserva de visita

Descargar da Web da Vicerreitoría do Campus de Ourense:

[Descargar ficha](#)

Cubrir a ficha e remitila a:

Vicerreitoría do Campus de Ourense

Campus Universitario de Ourense as Lagoas – Campus da Auga
Edificio de Facultades. Campus universitario. 32004 Ourense
vicou@uvigo.es

Data límite 15 de marzo de 2017

Notas:

1. A visita é aberta a toda a comunidade educativa, previa solicitude por parte dos centros educativos interesados, e limitada o aforo do Salón de Actos Marie Curie (400 prazas).
2. A visita aos laboratorios terá un aforo limitado ata 75 alumnos/as. Para a súa selección terase en conta a data de solicitude por parte dos centros educativos.

+ Info

vicou.uvigo.es